



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Agosto 2019


Santiago de Compostela, 08 de outubro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en agosto de 2019 un retroceso do 6,0% con respecto a agosto de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse un descenso do 0,5%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 1,6% e os bens de equipo un 19,3%. Pola contra, os bens intermedios e a enerxía retrocederon un 3,3% e 34,6% respectivamente.
- Por ramas de actividade a achega negativa mais destacable corresponde á “producción de enerxía eléctrica”, que restou 8,2 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destaca: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 3,0 puntos, a “fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” que aporta 1,9 puntos e a “fabricación de bebidas” que engade 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2019



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de agosto de 2019 en Galicia rexistrou un retroceso do 6,0% en taxa interanual, empeorando en 6,0 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (0,0%). En España o retroceso foi do 0,5%, empeorando en 3,9 puntos a taxa acadada no mes anterior (3,3%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 1,6%, o que achega 0,5 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 19,3%, o que suma 3,5 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 3,3%, cunha repercusión negativa de 0,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 34,6% restando 9,1 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xullo de 2019, por destino económico, os bens de consumo empeoran 9,4 puntos, os bens de equipo suben 3,3 puntos, os bens intermedios empeoran 5,4 puntos e a enerxía empeora 2,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


A rama máis destacable que presenta a maior achega negativa á taxa interanual de agosto foi a “produción de enerxía eléctrica”, que restou 8,2 puntos, seguida de lonxe pola “fabricación doutro material de transporte” que minora 1,0 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento”, que resta oito décimas e a “fabricación doutros produtos minerais non metálicos”, que minora catro décimas á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 3,0 puntos, a “fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” que aporta 1,9 puntos e a “fabricación de bebidas” que engade 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de agosto moveuse entre o -11,3% de Baleares e o 5,8% do País Vasco. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Navarra (4,5%), Murcia (4,2%), Castilla - La Mancha (3,9%), Madrid (2,4%) e Aragón (1,9%).

IPI agosto 2019 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de producción industrial. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)		REPERCUSIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	89,2	-6,0	-6,2	--	--
Bens de consumo	128,5	1,6	4,5	0,5	1,1
Bens de equipo	79,2	19,3	2,6	3,5	0,6
Bens intermedios	92,0	-3,3	-6,2	-0,8	-1,8
Enerxía	62,0	-34,6	-24,3	-9,1	-6,1
España					
Xeral	86,3	-0,5	0,4	--	--
Bens de consumo	90,3	0,1	1,6	0,0	0,4
Bens de equipo	70,1	0,4	1,7	0,1	0,4
Bens intermedios	80,8	-3,2	-1,1	-0,9	-0,4
Enerxía	105,7	1,1	-0,3	0,3	-0,1

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto 2019

Ramas	VARIACIONES (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-6,0		-6,2		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	79,9	3,0	2,7	0,3	13,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	23,6	1,9	16,2	1,4	7,7
Fabricación de bebidas	10,5	0,6	11,4	0,4	3,5
Outras industrias extractivas	33,8	0,3	32,3	0,3	1,1
Industria da alimentación	1,0	0,2	4,9	0,6	13,2
Fabricación de mobles	3,4	0,1	-4,5	-0,1	1,1
Industria do papel	-0,2	0,0	-0,3	0,0	2,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-0,5	0,0	-9,6	-0,3	2,5
Outras industrias manufactureiras	-5,1	0,0	1,9	0,0	0,5
Industria téxtil	-4,3	0,0	6,0	0,0	0,6
Industria química	-2,2	0,0	-7,3	-0,1	1,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-3,2	-0,2	-16,5	-0,9	5,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-12,9	-0,2	-15,4	-0,3	1,4
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-8,2	-0,3	-3,8	-0,2	3,6
Confección de roupa de vestir	-5,1	-0,3	1,8	0,1	4,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-10,6	-0,3	-11,4	-0,3	2,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-16,5	-0,4	-12,1	-0,4	2,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-18,8	-0,8	-15,8	-0,6	4,1
Fabricación doutro material de transporte	-36,8	-1,0	-14,9	-0,3	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-42,3	-8,2	-29,4	-5,8	22,3
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2019

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	86,3	-0,5	0,4
Galicia	89,2	-6,0	-6,2
Andalucía	94,1	-0,9	1,7
Aragón	81,5	1,9	1,8
Asturias	94,5	-5,1	-1,4
Balears (Illes)	96,7	-11,3	-7,2
Canarias	94,9	-2,6	-2,3
Cantabria	94,0	-8,7	-1,5
Castilla - La Mancha	90,7	3,9	3,0
Castilla y León	77,0	-2,5	-2,3
Cataluña	82,0	-1,8	-1,5
Comunitat Valenciana	82,4	-3,2	1,1
Extremadura	123,5	-1,2	-1,9
Madrid	89,4	2,4	3,3
Murcia	107,6	4,2	9,0
Navarra	92,7	4,5	3,8
País Vasco	76,5	5,8	1,4
Rioja (La)	67,3	-2,0	-1,8

Fonte: INE